



IES ÁLVARO CUNQUEIRO

Proxecto  
Donas de si

Unha análise macro

Curso 2019/2020

# Índice



Contexto e obxectivos



Orixe dos datos



Software empregado



Análise



Conclusións

# Contexto e obxectivos

# Contexto e obxectivos



Conmemoración dos 40 anos de existencia do centro. Recoñecemento público da labor do profesorado que pasou polo instituto, especialmente das mulleres. Situación actual na que as mulleres seguen sendo a maioría e dirixindo o noso centro.



Analizaremos un pequeno histórico de datos atendendo a diferentes variables. Fundamentámonos en conceptos estatísticos sinxelos. Apoiámonos en programas informáticos.



O proxecto ten carácter didáctico. Foi desenvolto con axuda voluntaria de alumnos de 3º ESO e 1º Bacharelato. Fortaleceron conceptos estatísticos e aprenderon a manexar distintos softwares. Neste sentido, debemos destacar a súa participación.

# Orixe dos datos

# Orixe dos datos

## **XADE**

Os datos que se manexan foron extraídos do sistema de xestión académica XADE.



Centrámonos nos últimos dez anos para asegurar a existencia de rexistros, e para adaptarnos aos recursos dispoñibles para a realización do proxecto.



Mantemos a privacidade dos integrantes da comunidade educativa. Os datos amósanse agrupados e non figura información persoal.

# Software empregado

# Software empregado



Para o tratamento dos datos foi necesario empregar tanto procesadores de texto como follas de cálculo



# Análise

# Análise

Revisamos diferentes aspectos que nos permiten coñecer o noso centro ao longo dos anos

Persoal docente

Persoal non docente

Cualificacións do alumnado

A repetición de curso

Países de nacemento


# Análise

PERSOAL DOCENTE

# Análise

## Persoal docente

Composición do equipo docente por ano




Como podemos observar, o equipo docente está composto na súa ampla maioría por mulleres. O cal contribúe a subliñar a súa importancia na historia do noso centro.

# Análise

## Persoal docente

Composición por departamento no curso 2018/2019



Os departamentos de EF, Física e Química, Francés, Matemáticas e Tecnoloxía atopábanse integrados na súa totalidade por mulleres. Igualmente, en outros departamentos como Inglés, LC e Xeografía e Historia predominan as profesoras.


# Análise

PERSOAL NON DOCENTE

# Análise

## Persoal non docente

Composición do equipo non docente por ano




O equipo non docente tamén se atopa integrado na súa maioría por mulleres. Na seguinte diapositiva podemos ver a desagregación por tipo de actividade.

# Análise

## Persoal non docente

Composición do persoal non docente no curso 2018/2019



Soamente a posición de subalterno está ocupada por máis homes que mulleres.




# Análise

CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO


# Análise

## Cualificacións do alumnado


### 1º ESO




### 2º ESO



### 3º ESO





### 4º ESO



- Nas táboas amósanse as notas medias de xuño tendo en conta todas as materias.
- En termos xerais, pódese concluir que na ESO as rapazas acadan medias superiores aos rapaces.
- ¿Isto quere dicir que nunha materia concreta, como por exemplo Matemáticas, as rapazas obteñen tamén medias máis altas? Non, posto que estes resultados non están desagregados por materias.

# Análise

## Cualificacións do alumnado




- En termos xerais, tamén se pode concluír que no Bacharelato as rapazas acadan medias superiores aos rapaces.
- As razóns poden ser de moi distinta índole. Por exemplo, podería acontecer que a maioría das rapazas se atopasen no Bacharelato de Humanidades, no cal se obteñen en xeral medias máis altas. Ou pode ser porque son as rapazas con mellores notas na ESO as que deciden facer o Bacharelato. Podería acontecer tamén que as rapazas son máis responsables nos estudos. En calquera dos casos, todas estas hipóteses terían que ser demostradas cunha análise máis profunda.

# Análise


A REPETIÇÃO DE CURSO

## A repetición de curso

Distribución repetidores 1º ESO



Distribución repetidores 2º ESO




- As gráficas amosan a porcentaxe de alumas e alumnos que repiten curso respecto ao número deles matriculados. Por exemplo, no curso 2009/2010 en 1º ESO repitiron curso aproximadamente un 5% das rapazas matriculadas.
- Nos cursos de 1º e 2º ESO non se atopa un patrón concreto.


# Análise

## A repetición de curso

Distribución repetidores 3º ESO




Distribución repetidores 4º ESO




- En 3º ESO seguimos sen atopar un patrón.
- Sen embargo, a partir de 4º ESO, obsérvase que conforme aumentamos de curso, os rapaces tenden máis a repetir que as rapazas. Vexámolo tamén na seguinte diapositiva.

Distribución repetidores 4º ESO aplicadas




Distribución repetidores 4º ESO académicas




# Análise

## A repetición de curso


1º Bacharelato Ciencias e Tecnoloxía




1º Bacharelato Ciencias



1º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais



1º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais MI



1º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais MII




- Mentres que en Humanidades non se observan patróns, si se observan en Ciencias.
- En Ciencias, tenden a repetir, en xeral, máis os rapaces que rapazas.
- Vexamos que o mesmo ocorre en 2º Bacharelato.


# Análise

## A repetición de curso


### 2º Bacharelato Ciências e Tecnoloxía




### 2º Bacharelato Ciencias




### 2º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais



### 2º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais MI



### 2º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais MII



- Mentres que en Humanidades non se observan patróns, si se observan en Ciencias. Os rapaces tenden a repetir máis.
- Cabe lembrar que o mesmo ocorre en 1º.




# Análise

PAÍS DE NACIMENTO

# Análise

## País de nacemento

Distribución dos alumnos por país de nacemento



- Poucos centros galegos contan cun carácter cosmopolita tan pronunciado coma o noso.
- Nón gráfico amósanse os países (excepto España) máis presentes.
- Lidera a clasificación Venezuela, cun significativo incremento de alumnos nos dous últimos anos.
- Poden chamar a atención países coma Argentina, Colombia ou Cuba, cuxo número de alumnos se reduciu.
- Con todo elo, enalzamos aínda máis a diversidade que caracteriza o noso centro.

# Conclusiones

# Conclusións



Ante todo, destacar que a intención do proxecto non é situar ao sector feminino do noso centro por riba do masculino, senon divulgar os feitos que unha vez máis nos fan estar orgullosos das nosas compañeiras.



O noso equipo non só está formado por unha maioría de compañeiras, senon que na maioría dos casos son as que lideran as distintas actividades do centro.



Ao termos en conta as cualificacións por curso, debemos recoñecer que son as rapazas as que máis axudan a elevar as medias.



A análise da repetición de curso amosounos que en cursos baixos non se observan patróns. Sen embargo, en cursos altos (e máis acusadamente en ciencias que en humanidades), son as rapazas as que menos repiten curso.



Nos últimos anos afianzouse o carácter cosmopolita do noso centro. Este feito contribúe á diversidade e axúdanos a fortalecer as competencias social e cívica e conciencia e expresión culturais.

GRAZAS